

Exame 3ª avaliación Bioloxía e Xeoloxía

1. Que é a atmósfera, como actúa, como infúen os raios solares que chegan do Sol nas distintas partes do planeta (fai a mesma temperatura nos polos, ca no ecuador)? Define e explica.
2. Que é o tempo, que é a presión atmosférica, que son os anticiclóns, e as borrascas? Define.
3. Que é a meteorización, tipos de meteorización? Define.
4. Que son os ríos, partes dun río? Define e explica.
5. Rochas sedimentarias, detríticas e non detríticas? Pon exemplos de cada unha delas, ademais dun exemplo de rochas carbonatadas, evaporíticas e organóxenas.
6. Orixe e utilidade dos combustibles fósiles, tipos, vantaxes e desvantaxes.
7. Redondea a afirmación correcta ou contesta verdadeiro (V) ou falso (F) , segundo a pregunta. Corrixe as falsas.
 - a) Cal destes tipos de carbóns ten maior poder calorífico? *Redondea a afirmación correcta*

Lignito	Hulla	Turba	Antracita
---------	-------	-------	-----------
 - b) O carbón é o combustible fósil máis empregado na actualidade. *Verdadeiro (V) ou falso (F)*
 - c) O gas natural é combustible fósil que xera menos residuos. *Verdadeiro (V) ou falso (F)*
 - d) Cal dos tres cursos dun río é o tramo con maior pendente? *Redondea a afirmación correcta*

Curso alto	Curso baixo	Curso medio
------------	-------------	-------------
 - e) Algunhas das formacións resultantes da acción dos regatos son as cárcavas, os canóns e as chemineas de fadas. *Verdadeiro (V) ou falso (F)*
 - f) Cales destas formas de erosión son efecto da acción erosiva do mar? *Redondea a afirmación correcta*

Acantilados	Praias	Baías	Illotes
-------------	--------	-------	---------
 - g) O principal impacto da minería sobre a paisaxe cáusano a acumulación na superficie dos materiais extraídos inservibles. *Verdadeiro (V) ou falso (F)*
 - h) Cales destas rochas sedimentarias son non detríticas. *Redondea a afirmación correcta*

Xeso	Carbón	Arxila	Petróleo
------	--------	--------	----------
 - i) As dunas e os loess son formas de relevo orixinados polo transporte e sedimentación eólicos. *Verdadeiro (V) ou falso (F)*
 - j) Os instrumentos encargados de medir a presión atmosférica chámanse barómetros. *Verdadeiro (V) ou falso (F)*

